



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
981 54 6558  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)



**Convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 2 de abril de 2019, do I Concurso de Podcasts – Radio na biblio, destinado a centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración coa Radio Galega (CRTVG), no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe).**

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional recolle no seu Plan LÍA 2016/2020 de Bibliotecas Escolares unha ducia de desafíos ou ámbitos de actuación preferentes. O desafío número catro está referido ás “Alfabetización múltiples”, con medidas destinadas á mellora das capacidades lectoras do alumnado, en sentido amplo e, pola súa parte, o desafío número cinco “As competencias AlFIN/AMI” contempla o deseño e desenvolvemento de programas para a mellora da competencia informacional e mediática do alumnado galego e detalla, como medida concreta, a posta en marcha dun programa de radio escolar con vinculación á biblioteca. O Plan LÍA contempla tamén, no desafío 2, “A biblioteca como centro creativo de aprendizaxes”, diferentes medidas para promover a evolución de todas as bibliotecas escolares cara a “laboratorios creativos de aprendizaxe”, unha evolución natural do modelo de biblioteca, na medida en que esta se configura como un espazo físico e simbólico de oportunidades para desenvolver proxectos colaborativos conectados ao tratamento do currículo; tamén para dar resposta a unha gran variedade de intereses culturais e formativos dos distintos sectores da comunidade educativa.

Neste contexto iniciouse no curso 2017/2018 o programa “Radio na biblio”, no que poden participar centros integrados no Plambe e no que participan nesta segunda convocatoria un total de 50 centros públicos, cun notable éxito de resultados. Desde o programa de bibliotecas obsérvase un grande interese pola creación de laboratorios de radio máis aló deste grupo de centros, e asistimos a unha renovación do interese do profesorado por esta ferramenta de gran potencial pedagóxico para reforzar as prácticas comunicativas do alumnado e a motivación para participar en proxectos colaborativos nos que se traballan distintas habilidades e competencias a través de tarefas complexas que constitúen oportunidades de aprendizaxe e de inclusión para todo o alumnado do centro.

En colaboración coa CRTVG, a través da Dirección da Radio Galega, co gallo da dedicación do Día das Letras Galegas de 2019 ao etnógrafo Antón Fraguas, acordouse realizar a convocatoria dun concurso de podcasts radiofónicos, destinado aos centros públicos integrados no programa Radio na Biblio con extensión a outros centros de titularidade da consellería que traballan xa coa radio como ferramenta pedagóxica, co fin de estimular o coñecemento e difusión do patrimonio cultural galego.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina as intervencións da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura, e da que depende tamén a iniciativa “Radio na biblio”, dispón:

**Apartado 1: Obxecto, destinatarios e financiamento.**

1. Estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, a elaboración de produtos radiofónicos enfocados a salientar a riqueza do patrimonio material e inmaterial de



Galicia, especialmente vinculado ao medio xeográfico, cultural e humano más próximo ao centro.

2. Poderán participar neste I Concurso de Podcasts -Radio na biblio os centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, das distintas tipoloxías, integrados ou non no programa Radio na biblio.
3. Realizada a selección de traballos merecedores de recoñecemento, distribuiranse asignacións específicas, segundo se recolle nas bases da convocatoria, a través da partida orzamentaria **10.30.423A.625.1** destinada a programas de atención á mobiliario e outros equipamentos, do orzamento da Consellería Educación, Universidade, e Formación Profesional, para o ano 2019, por un máximo global de 8.000 €.

#### Apartado 2. Modalidades de participación.

4. Establécense catro modalidades, segundo o nivel do ensino, e seleccionaranse dous podcasts por modalidade, atendendo á orixinalidade do traballo e a calidade sonora e de contido:
  - I. Alumnado de infantil e 1º/2º de Primaria.
  - II. Alumnado de 3º a 6º de Primaria
  - III. Alumnado de Secundaria.
  - IV. Alumnado de Bacharelato, ensinanza de Persoas Adultas ou Ciclos FormativosCada centro educativo poderá presentar un máximo de 3 podcasts. Os traballos presentados estarán realizados en lingua galega.

#### Apartado 3. Requisitos e modo de presentación de traballos.

Serán os establecidos nas bases da convocatoria do concurso, recollidas no anexo I desta resolución, mediante o formulario de participación recollido no anexo II.

O prazo para a presentación de solicitude de participación e do resto da documentación recollida nas bases deste concurso remata o 30 de abril de 2019.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá solicitar dos centros a documentación complementaria que estime oportuna antes de resolver a convocatoria.

#### Apartado 4. Xurado e premios do concurso.

1. Designarase un xurado con persoal da D.X. de Centros e Recursos Humanos, no que participarán tamén profesionais en activo en medios radiofónicos.
2. Os centros seleccionados nas distintas modalidades recibirán unha asignación extraordinaria de 1.000€ para melloras no equipamento e infraestrutura do laboratorio/emisora de radio, que deberá quedar vinculado á biblioteca do centro. Así mesmo, poderán visitar as instalacións da Radio Galega en Santiago de Compostela, tras un acordo previo.
3. Os podcasts premiados serán emitidos pola Radio Galega; á súa vez, serán difundidos a través da páxina web da Radio Galega e da canle dixital do Diario Cultural. Así mesmo, recibirán difusión a través dos medios web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (Bibliotecas Escolares de Galicia e outros).
4. Emitiranse entrevistas aos gañadores o 17 de maio, na programación especial da Radio Galega con motivo do Día das Letras Galegas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
981 54 6558  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

gàlicia

5. Os premios poderán ser declarados desertos nalgunha das modalidades. De ser o caso, poderían seleccionarse más podcasts noutras modalidades con moita participación.

Os premios serán compatibles con outros ingresos ou recursos destinados á biblioteca escolar e ao seu funcionamento, así como premios de innovación ou outros, procedentes de calquera Administración pública, entes públicos ou privados, da comunidade, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

## Apartado 5. Criterios de valoración

Teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

- a) Orixinalidade, interdisciplinariedade do proxecto e calidade técnica do traballo realizado. Máximo 10 puntos.
- b) Contribución ao desenvolvemento do currículo, no contexto da temática do concurso, e adquisición de competencias clave. Máximo 10 puntos.
- c) Contribución específica á competencia informacional e mediática do alumnado. Máximo 10 puntos.
- d) Participación de alumnado, profesorado e comunidade educativa no seu conxunto. Máximo 10 puntos.
- e) Aproveitamento das posibilidades e os recursos da biblioteca escolar. Máximo 10 puntos.
- f) Integración da biblioteca e outros equipos e programas do centro para o desenvolvemento da producción sonora presentada. Máximo 10 puntos.

## Apartado 6. Resolución do concurso.

### ión

Trala resolución do xurado, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fará público, a través do Portal Educativo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o resultado deste concurso nun prazo de 4 meses a contar desde a finalización do prazo de presentación dos traballos realizados, transcorridos os cales sen que houbese resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de participación.

A consellería poderá convocar os responsables dos centros e dos traballos presentados a un acto de entrega simbólica dos galardóns. As asignacións previstas realizaranse directamente na conta dos centros seleccionados. Xustificarase o gasto realizado en impreso específico que se poñerá a disposición dos centros.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019  
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS



José Manuel Pinal Rodríguez



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
981 54 6558  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)



## ANEXO I - BASES

Con motivo das Letras Galegas 2019, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración coa Radio Galega (CRTVG), convoca o

### I CONCURSO DE PODCASTS – RADIO NA BIBLIO

#### BASES

##### 1. Participación.

Este concurso está aberto aos centros educativos públicos non universitarios de Galicia, tanto os que forman parte do programa *Radio na biblio* (dependente da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos), como os que non están integrados no devandito programa pero teñen unha emisora de radio escolar.

##### 2. Temática.

Como o homenaxeado nas Letras Galegas deste ano é **Antón Fraguas**, senlleiro estudoso da nosa terra e da nosa cultura, a temática versará sobre o patrimonio de Galicia, material ou inmaterial, buscando un vínculo coa contorna na que se sitúa o centro educativo que participa.

##### 3. Formato e modalidades.

O arquivo sonoro, en formato mp3 ou wav (coa maior calidade posible), pode ser unha *entrevista*, unha *cuña publicitaria*, un *noticiero*, un *faladoiro*, un *debate*, un *programa monográfico...* O programa estará realizado en lingua galega.

Os centros educativos poderán concursar enviando entre 1 e 3 podcasts, cunha duración mínima de 3 minutos e máxima de 5.

Establécense catro modalidades:

- I) Alumnado de Infantil e 1º-2º de Primaria.
- II) Alumnado de 3º a 6º de Primaria.
- III) Alumnado de Secundaria.
- IV) Alumnado de Bacharelato, ensinanza de Adultos ou Ciclos formativos.

##### 4. Requisitos, xurado e premios.

- a) Para a selección dos podcasts teranse en conta a orixinalidade, interdisciplinariedade do proxecto e a calidade técnica do traballo realizado; a contribución ao desenvolvemento do currículo no contexto da temática do concurso, así como á adquisición de competencias clave; a contribución específica á competencia informacional e mediática do alumnado; a participación de alumnado, profesorado e comunidade educativa no seu conxunto; o aproveitamento das posibilidades e recursos da biblioteca escolar; a integración da biblioteca e outros equipos e programas do centros para o desenvolvemento da producción sonora presentada.
- b) O xurado estará formado por persoal da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (Asesoría de bibliotecas escolares), coa participación de profesionais de medios radiofónicos.
- c) Elixiranse dous traballos por cada modalidade que recibirán os seguintes premios:
  - Os podcasts seleccionados serán emitidos pola Radio Galega; á súa vez, serán difundidos a través da páxina web da Radio Galega e da canle dixital do Diario



Cultural. Así mesmo, recibirán difusión a través dos medios web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (Bibliotecas Escolares de Galicia e outros).

- Emitiranse entrevistas aos gañadores o 17 de maio, na programación especial da Radio Galega con motivo do Día das Letras Galegas.
- O alumnado participante nos traballos seleccionados poderán visitar as instalacións da Radio Galega, en Santiago de Compostela, xunto co profesorado implicado na elaboración do podcast, previo o acordo correspondente cos responsables do medio radiofónico.

d) Os premios poderán ser declarados desertos nalgúnha das súas modalidades.

#### 5. Prazo de inscrición e envío de podcast.

O prazo para a participación neste concurso estará aberto entre os días 2 e 30 de abril de 2019.

Deberá cubrirse o formulario de participación (Anexo III da convocatoria) coa seguinte información:

1. Identificación do centro educativo, da modalidade ou modalidades nas que se participa, incluíndo os nomes do profesorado e alumnado que realizaron o podcast presentado.
2. Breve relación do contido de cada podcast (guión ou *escaleta*) e descripción da experiencia de creación de cada arquivo.
3. Incluiránse 1/3 imaxes do momento da gravación do podcast ou do seu proceso de elaboración.

O formulario xunto coa ligazón ao podcast remitiranse ao enderezo electrónico:

[asesoria.bibliotecas@edu.xunta.es](mailto:asesoria.bibliotecas@edu.xunta.es)

#### 6. Difusión das experiencias.

A divulgación dos podcasts seleccionados pretende poñer en valor as creacións radiofónicas dos nosos escolares e tamén crear un repositorio deste tipo de arquivos, accesible a través de <http://www.crtvg.es/rg/podcast>.

Os centros participantes comprométense a respectar a lexislación e regulamentación aplicable, como a Lei de Protección de Datos e a Lei de Propiedade Intelectual.

#### 7. Cesión de dereitos e utilización dos dereitos de imaxe.

Os centros educativos deberán contar coas preceptivas autorizacións das familias conforme ao anexo que se achega nesta convocatoria.

Os concursantes aceptan que todos os podcasts presentados estarán suxeitos a unha licenza [Creative Commons Attribution-NonCommercial-ShareAlike 3.0 Unported](#) (CC BY-NC-SA 3.0). Polo tanto, as accións derivadas da súa utilización non poderán xerar ningún tipo de lucro e o produto só poderá distribuirse baixo esta mesma licenza. E cando se difundan estes arquivos deberase, por suposto, facer referencia expresa á fonte e autoría do recurso utilizado.

#### 8. Aceptación das Bases.

O feito de participar neste concurso implica o coñecemento e aceptación das presentes bases. O incumprimento de calquera delas conllevará a descualificación do centro participante.

### ANEXO II – FORMULARIO DE PARTICIPACIÓN



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
981 54 6558  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

**galicia**

ACTUACIÓN	DOCUMENTO
<b>Solicitud de participación no I Concurso de Podcasts – Radio na biblio</b>	

**DATOS DO SOLICITANTE**

Nome do Centro		Código	Nº de alumnos/as
Enderezo			
Concello	C.P.	Tfno.	e-mail

Don/Dona ..... como director/a do centro, solicita a participación na convocatoria do **I Concurso de Podcasts – Radio na biblio**, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 2 de abril de 2019, pola que se recoñecen boas prácticas na realización de produtos radiofónicos, coa colaboración da biblioteca escolar.

As contías asignadas, no caso de que o traballo que se presenta resulte galardoado, dedicaranse integralmente á creación ou realización de melloras no equipamento e na infraestrutura do laboratorio/emisora de radio, vinculado á biblioteca escolar.

En ..... a ..... de ..... de 2019

Asdo.: .....

**Modalidade pola que se presenta (marcar cun X segundo corresponda)**

	Modalidade I: Alumnado de infantil e 1º/2º de Primaria
	Modalidade II: Alumnado de 3º a 6º de Primaria
	Modalidade III: Alumnado de ESO
	Modalidade IV: Alumnado de Bacharelato, ensinanzas de Persoas Adultas ou Ciclos Formativos

**Documentación que se presenta**

- Breve memoria dos contidos do produto sonoro realizado
- Material gráfico (en formato JPG ou PNG)(de 1 a 3 imaxes)
- Ligazón ao podcast presentado ou arquivo mp3/wav
- Relación de profesorado, alumnado e outros membros da comunidade educativa implicados na realización do traballo presentado.

Este formulario xunto con toda a documentación, remitiranse ao enderezo [asesoria.bibliotecas@edu.xunta.es](mailto:asesoria.bibliotecas@edu.xunta.es), indicando no “asunto”: I CONCURSO DE PODCASTS -RADIO NA BIBLIO

**SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL  
SAN CAETANO – 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**ANEXO III – MODELOS DE AUTORIZACIÓN**



## I CONCURSO DE PODCASTS-RADIO NA BIBLIO

(Por favor, marque o que proceda)

Don/dona..... con DNI....., e con  
domicilio en .....;  
como pai/nai/titor/titora do alumno/a.....  
do centro de ensino .....

**Autorizo** a participación do/da meu/miña fillo/a na gravación de podcast que sen van presentar ao I Concurso de Podcasts-Radio na biblio convocado pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como a utilización pública da imaxe e da voz do meu/miña fillo/a na difusión destes podcasts, con finalidades educativas, a través dos espazos web da Asesoría de bibliotecas escolares (<http://www.edu.xunta.es/biblioteca>), e en actividades de formación do profesorado, así como na páxina específica da CRTVG: <http://www.crtvg.es/rg/podcast>, no seu caso.

**Non autorizo** a participación do/da meu/miña fillo/a na gravación de podcast que sen van presentar ao I Concurso de Podcasts-Radio na biblio, convocado pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como a utilización pública da imaxe e da voz do meu/miña fillo/a na difusión destes podcasts, con finalidades educativas, a través dos espazos web da Asesoría de bibliotecas escolares (<http://www.edu.xunta.es/biblioteca>), e en actividades de formación do profesorado, así como na páxina específica da CRTVG: <http://www.crtvg.es/rg/podcast>, no seu caso.

En ....., o ..... de ..... de 2019

Asdo.:.....



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
981 54 6558  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

g<sub>alicia</sub>

(modelo para autorización da participación dos adultos)

## I CONCURSO DE PODCASTS-RADIO NA BIBLIO

Don/dona..... con DNI....., como integrante da comunidade educativa do centro de ensino ..... de .....

**Autorizo** a miña a gravación da miña voz na realización de podcasts que sen van presentar ao I Concurso de Podcasts-Radio na biblio convocado pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como a utilización pública da miña imaxe e da miña voz na difusión destes podcasts, con finalidades educativas, a través dos espazos web da Asesoría de bibliotecas escolares (<http://www.edu.xunta.es/biblioteca>), e en actividades de formación do profesorado, así como na páxina específica da CRTVG: <http://www.crtvg.es/rg/podcast>, no seu caso.

En ....., o ..... de ..... de 2019

Asdo.:.....